

---

**RESOLUCIÓN DA XERENCIA, DO 4 DE MAIO DE 2020, SOBRE A CONTINUIDADE DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS INDISPENSABLES PARA O FUNCIONAMENTO BÁSICO DOS SERVIZOS DE GRAO E DE POSGRAO**

Á vista da Disposición Adicional 3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado para a xestión de la situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, onde se dispón no seu parágrafo terceiro que *“se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo”*,

Á vista de que o parágrafo terceiro da mesma disposición sinala que *“no obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo”*,

Á vista de que a dita disposición foi obxecto de novas excepcións polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, onde se lle engade á mesma un parágrafo cartado no que se sinala que *“las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos (...) que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios”*.

Á vista do disposto a tal efecto pola Resolución Reitoral do 27 de marzo do 2020, sobre a suspensión de términos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o estado de alarma, modificada pola Resolución Reitoral do 27 de abril do 2020.

Á vista dos mecanismos e ferramentas de que dispoñen os distintos servizos e personal da Universidade para desenvolver o traballo de xeito non presencial, así como a posta á disposición de todos os usuarios da sede electrónica e do rexistro electrónico da Universidade de Vigo desde o derradeiro 16 de marzo,

Á vista de que os servizos de grao e de posgrao da Universidade teñen como función esencial a xestión da matrícula e dos expedientes do alumnado de grao e de posgrao respectivamente, así como a xestión de incidencias derivadas da matrícula, como as modificacións e anulacións, e que o seu funcionamento básico pódese ver entón gravemente prexudicado de manterse unha interpretación restritiva do contido da DA 3ª do dito R.D. 463/2020, dada a súa prolongada duración,

Esta Xerencia

**R E S O L V E**

**Primeiro.-** que se poderán iniciar e continuar os procedementos administrativos obxecto dos servizos de grao e de posgrao, coa salvedade sinalada no punto seguinte.

**Segundo.-** que os prazos contemplados nos procedementos aos que se refire o punto anterior iniciados de oficio pola Universidade de Vigo non se poderán dar por finalizados ata o momento en que rematen tras a reanudación do seu cómputo cando expire a vixencia do R.D. 463/2020, do 14 de marzo, así como a das sucesivas prórrogas do mesmo, ou ben cando así o puidera decidir a Reitoría da Universidade mediante resolución motivada.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no acto administrativo objeto de recurso ou impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.*

*As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

En Vigo, a 4 de maio de 2020

A Xerenta